



PROTOCOLO COVID

BIBLIOTECA ESCOLAR

CEIP ROSALÍA DE CASTRO-PADRÓN



Biblioteca Rosalía de Castro

Padrón





PROTOCOLO USO DA BIBLIOTECA

1. Dacordo as medidas adoptadas no *protocolo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 do 22 de xullo de 2020*, na medida do posible o alumnado non cambiará de clase agás nos supostos excepcionais, polo que o **espazo físico da biblioteca non se poderá empregar** durante **os recreos** nin no tempo das **titorías** (como viña sucedendo en cursos anteriores)
2. A biblioteca escolar estará delimitada en dous grandes espazos: o **espazo de xestión** de uso exclusivo do equipo de biblioteca escolar e do equipo docente, e, o **espazo de traballo** empregado polo alumnado e docentes da "área de valores cívicos e sociais".
3. Como a biblioteca escolar conta con dúas **entradas**, a **entrada principal** será empregada polo equipo docente de biblioteca e a **entrada secundaria** (localizada ao final do corredor), será empregada polo alumnado e profesorado da área de "valores cívicos e sociais".
Farase caso en todo momento das sinalizacións para a entrada, saída e circulación dentro da Biblioteca.
4. **Hixienizar as mans** á entrada e saída da Biblioteca, ao igual que antes e despois de manipular os libros (aínda que sexa no prestamo dende as aulas). A biblioteca escolar contará cun dispensador de solución hidro-alcohólica para o seu emprego, así como de contenedores para a reciclaxe de residuos que se poidan xerar na biblioteca.
5. O equipo de biblioteca escolar así como profesorado que empregue a zona de xestión da biblioteca deberá **desinfectar** dita zona despois do seu emprego (ordenador, mesa de xestión,). Ademais o docente de valores será o encargado de avisar ao equipo de limpeza para proceder a **desinfectar o espazo** empregado.
6. Manterase a **distancia de seguridade** aconsellable e empregar os postos marcados cunha cuadrícula.
7. É obrigatorio **usar máscara de protección** na estancia da biblioteca.
8. O **préstamo de libros** ou outro material realizarase dentro das aulas en colaboración cos titores e titoras.
Será o equipo de biblioteca o que montará e coordinará xunto cos titores e titoras unha biblioteca móbil que se levará as diferentes aulas para facer o préstamo bibliográfico. (O alumnado pode acceder ao catálogo de libros da biblioteca, dende o blog da mesma, para facer as súas peticións de libros que posteriormente serán trasladadas ao titor/titora e ao Equipo de Biblioteca)
Será o Equipo de Biblioteca o que introducirá no Meiga os libros prestados a cada titoría no perfil do titor/titora, tendo este, posteriormente un control e rexistro do empréstimo dos libros ao



alumnado (Para elo faráselle entrega a cada titoría dunha folla de rexistro).

9. O material bibliográfico **devolto** deberá permanecer illado en cuarentena 48 horas antes de volver aos andeis para volver a emprestar. O servizo de empréstimo levarase unha vez ao mes tendo desta maneira tempo para montar os carriños.

(A 1ª semana farase o préstamo ás titorías e a penúltima semana de mes recollerase o préstamo para facer o cambio dos libros do carriño, sendo os/as titores/as os que xestionen os empréstimos dentro da titoría.)

Os libros NON deben ser desinfectados polos usuarios, pois os produtos estragaríanos.

Habilitarase na biblioteca unha zona para a cuarentena de dito material, cun andel e caixas. Tamén se lles proporcionará ás aulas un capacho para xestionar a cuarentena dos libros dentro das aulas.

10. **Evitarase o uso de xogos de mesa** e materiais semellantes cando implique un uso compartido mentres dure a situación excepcional de alerta sanitaria.
11. Os **recursos informaticos da biblioteca** (ordenadores, tablets,...) quedan a disposición de toda a comunidade educativa en función das necesidades que poidan xurdir.



Todas estas accións quedarán supeditadas a modificacións segundo as instrucións dadas pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
CEIP Rosalía de Castro- Padrón
BIBLIOTECA ESCOLAR

PROTOCOLO COVID CURSO 2020-2021
BIBLIOTECA ESCOLAR